

ACTA

Lugar: Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Data: 15 de outubro de 2018

Hora de comezo: 12:30 h

Hora de remate: 14:30 h

Presidente: Manuel Joaquín Reigosa Roger

Secretaria: Ana Belén Fernández Souto

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Silvia García González, Vicente Romo Pérez, Xosé Manuel Baamonde Silva, Eva María Lantarón Caeiro, Angeles Cancela, Marcos Dopico Castro, Ana Belén Fernández Souto, Álvaro Xosé López Mira, Purificación Marcet Miramontes, Lucrecia María López Rubianes, Carlos Mollinedo Lois.

Escusan asistencia Juan Picos Martín quen delega en Ángeles Cancela

Non asisten: Sara M^a Torres Outón.

Orde do día:

- 1.-Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.-Informe do Presidente.
- 3.-Informe do Vicerreitor do Campus de Pontevedra..
- 5.- Rolda de intervencións.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior (15.12.2017).

Apróbase por unanimidade.

2.- Informe do Reitor

O Reitor dá a benvida aos membros. O Reitor indica que non hai moito de que informar pero comenta varios aspectos. Fai fincapé en diversas visitas institucionais: cos alcaldes de Vigo, Pontevedra e Ourense, presidenta da Zona Franca e as Deputacións. Aparte houbo unha xuntanza de traballo co Conselleiro, onde se formularon cuestións de persoal, en particular a suba da masa salarial e a posibilidade de lanzar dúas ofertas de emprego público, así como as pagas extra; asemade, se trataron as necesidades de persoal investigador, opción de captacións de talento senior, técnicos de apoio (investigación, calidade, desenvolvemento estrutural). Finalmente, peticións estruturais (enxeñaría biomédica).

O Reitor informa de que é necesario facer un esforzo para que o calendario académico do SUG sexa común. Sinala que se formará unha comisión de estudio ao efecto, que despois podería integrarse nunha comisión común do SUG.

En relación coa páxina web, actuouse para arranxar o problema da matrícula e espera darlle unha volta para melloralala en breve.

Houbo xuntanzas co Vicepresidente da Xunta en relación co Edificio de Benito Corbal no que dispoñemos de catro plantas no centro da cidade.

Despois da intervención do Reitor toma a palabra o profesor Álvaro López Mira, quen sinala que as noticias aparecidas nos xornais indican unha baixada importante de alumnado. Intervén o Reitor para dicir que a UVigo necesita captar estudantes de Iberoamérica e Portugal. Tamén comenta que en xaneiro se presentará o plan de captación de estudantes.

A profesora Silvia García sinala o problema que denuncian diversos profesores pola incorporación tardía de estudantes despois da 7^a chamada de matrícula. O Reitor di que

negociará un calendario común con outras universidades de Galicia. A profesora Silvia García tamén fai referencia aos problemas (sobre todo burocráticos) derivados do éxito internacional.

3.- Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra:

A continuación toma a palabra o Vicerreitor do campus de Pontevedra, D. Jorge Soto. Agradece a asistencia dos presentes e logo comeza a explicar as accións realizadas no tempo que leva no cargo. Comenta que se levaron a cabo labores de infraestrutura nas facultades de Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación e o Deporte. Sobre o edificio de Benito Corbal indica o cambio de Conselleiros na Xunta de Galicia, e que os problemas parece que se resolverán sen maiores contratempos.

Informa tamén que se están cumprindo as obras co diñeiro dispoñible nos edificios de Belas Artes, Forestais e Fisioterapia.

Con respecto á Unidade Técnica, informa de cambios na forma de actuar, para resultar máis efectivos.

A continuación informa de asuntos relacionados co convenio co Concello de Pontevedra: actuación na facultade de CC. Educación e o Deporte, que inclúe un galpón de madeira con dous pantaláns ao río, e que serán de uso tamén para o Concello; creación dunha pista de Skateboard na entrada do campus; carril-bici no campus, pagado pola UVigo. Tamén informa da retirada da traíneira do pavillón universitario polo perigo que supuña tela naquela situación. Comprouse un carro para transportar a traíneira á súa localización actual, na facultade.

Con respecto ao Green Campus, o Vicerreitor informa da presentación do Plan de Acción e a súa aprobación polo Comité Ambiental. No mesmo expónse máis de 60 accións a desenvolver no curso 2018-19. Así mesmo sinala a importancia da participación das facultades, ás cales convida a ser máis participativas. Nese sentido indica cal vai ser o futuro do Green Campus: serán as facultades as entidades que terán o cualificativo Green, non o Campus. Finalmente sinala a resposta tan favorable por parte da ADEAC sobre como se están facendo as tarefas do Green Campus.

Seguidamente dá conta de aspectos relacionados co Campus Crea. En primeiro lugar menciona o convenio coa Xunta de Galicia, indicando a necesidade de gastar o diñeiro dispoñible en actividades que se están desenvolvendo ou están a piques de facelo (cursos, Fablab, congreso con grupos de investigación, proxecto Lapassion, emprendemento con AEMPE, convenios con diferentes entidades -como a Deputación, coa creación dunha mesa paritaria para colaborar en tarefas de investigación e outras actividades-).

Sinala tamén a intención de abrir de novo o convenio marco asinado co Concello de Pontevedra e que estaba escondido: ábrese unha vía de colaboración moi interesante. É necesario establecer comisión e subcomisións con idea de que todo funcione correctamente (infraestruturas, Green Campus, Campus Crea, cultura, etc).

Indica tamén a súa presenza na sede da Xunta de Galicia en Santiago, xunto co Reitor días atrás, cunha boa acollida, ata o punto de que a presentación do programa IACOBUS farase en Pontevedra, na sede da vicerreitoría. Tamén sinala a posibilidade de establecer un convenio con Mediaset, o cal sería moi interesante para o alumnado de CC. Sociais e Comunicación.

Informa dalgúns convenios asinados, como coa Sociedade Galega de Historia Natural, Wordpress ou PontUp Store. Tamén da cátedra Álvarez Ossorio en colaboración coa Escola Naval de Marín: haberá proximamente unha conferencia sobre cambio climático, encontros deportivos, etc.

A continuación sinala o traballo na integración do Campus, en relación ao cinema, música, o espazo Conversas coa UVigo, club de lectura, aula permanente de música tradicional, concerto de primavera, obradoiro de instrumentos galegos, etc.

Por último sinala a importancia que para o equipo da vicerreitoría teñen os temas relacionados coa saúde, o benestar e o deporte, directamente entroncado co desenvolvemento do Green Campus. Nese sentido, indica que a semana anterior presentouse ao público o programa de actividades deportivas do presente curso.

4.- Rolda de intervencións.

O profesor Vicente Romo agradece ao Vicerreitor as xestións realizadas coa traíneira e sinala a existencia de problemas nun trimestre moi intenso. A piscina do Centro de Tecnificación non está operativa, así que o Vicerreitor pon ao seu servizo a piscina de Marín. Ademais agradece ao Reitor polo tema das competencias.

O profesor Romo enumera algúns problemas que deben resolverse canto antes: na súa facultade tres dos vicedecanos están ausentes, co cal ten un problema serio cos Practicum, e pide amparo ao Reitor. Con respecto ao remo sinala o interesante de facer o pantalán para asegurar a integridade dos estudantes. Sinala tamén un problema relacionado coa foliación da embarcación e a súa condución, e non sabe como resolver o problema, ao cal o Reitor lle indica que buscarán unha solución.

A profesora Eva Lantarón roga que se poida xestionar a lista de agarda en xaneiro para a contratación de profesores. Tamén sinala que necesitan unha solución para xestionar os gastos de material de oficina (partida do departamento); o Reitor indícalle que tenta resolvelo. Por último sinala a falta de obras en Fisioterapia e a ausencia de orzamentos, ao que o Vicerreitor respóndelle que non se pode apertar máis, que están a preguntar continuamente pero todo alóngase.

O profesor X. Baamonde comenta que o convenio con Mediaset é moi interesante e positivo para o seu alumnado. Agradece as obras e demais actuacións que se levaron a cabo na facultade de CC. Sociais e da Comunicación, e ao Reitor o que haxa un terceiro técnico audiovisual. Finalmente sinala a necesidade de seguir mellorando o salón de actos (fundamentalmente a iluminación e o son), ao que o Vicerreitor responde que se debe facer unha análise pormenorizado para coñecer as necesidades da facultade.

A profesora Ana Belén Fernández sinala a existencia dun problema de seguridade: o alumnado cruza a estrada nacional (a que vai a Santiago) para acceder ao campus, e iso resulta moi perigoso porque non hai pasos de peóns e nesa zona os vehículos circulan a velocidades elevadas. O Vicerreitor responde que solicitou unha reunión con responsables do Concello, e non lle contestaron. Tamén ten previsto falar coa Deputación.

O señor Mollinedo lembra que na RPT pódese ter en conta o problema da embarcación no río. Ademais suxire que se debería sinalizar mellor o campus e explicar mellor as preferencias entre peóns e ciclistas; que a UVigo cumpre as normas antitabaco; que se deben tomar medidas sobre a limpeza do campus; e finalmente agradece ao vicerreitor a actuación na biblioteca.

O vicerreitor contesta que aínda quedan moitas cousas que facer pero que están niso. Fala, por exemplo, da humanización do campus, cun interese moi especial por parte do vicerreitorado de levar adiante a peonalización do campus.

O señor Mollinedo pregunta cando teremos residencia de estudantes en Pontevedra, ao que o vicerreitor contesta que de momento non hai demanda que o xustifique.

O profesor Álvaro López Mira pregunta se a cátedra Álvarez Ossorio cambiou de responsable. O vicerreitor contéstalle que si, e que agora as decisións tómanse conxuntamente. Tamén comenta que se están abrindo novas vías de colaboración (non só charlas e conferencias, senón tamén investigación).

O profesor Álvaro López Mira pregunta polo diñeiro do convenio coa Xunta de Galicia, concretamente se son 120000€. O vicerreitor contesta que non, que son 60000€ e que hai que gastalos agora en cuestións moi específicas (e que quedan 56000€ por gastar).

O profesor Álvaro López Mira pregunta polo convenio coa Deputación de Pontevedra. Di que non foi transparente, nin tampouco o foi co campus Crea. O vicerreitor di que o primeiro que fixo ao asumir o cargo foi pedir e revisar os convenios. O da Deputación era unha folla con 10 puntos. Pediu unha reunión coa Deputación para mellorar esta situación. Di que haberá futuras convocatorias públicas para pedir diñeiro de investigación e outros aspectos, como o emprendemento. Tamén comenta que estamos a traballar para conseguir persoal de apoio á investigación; que considera moi importante os labores de reactivación do campus Crea e de colaboración con grupos de investigación.

Neste sentido, a profesora Ana Belén Fernández agradece o apoio institucional dado pola vicerreitoría.

A profesora Angeles Cancela agradece pór a canle de aviso de problemas. En Forestais segue habendo unha pingueira, ao que o vicerreitor contesta que se está traballando para resolvela. A profesora Cancela comenta que se se pon un novo composteiro, por favor que non sexa diante do edificio de Forestais. Tamén comenta que a sala de graos está inutilizada: a mesa é demasiado grande e pouco útil, de modo que a sala non é operativa. Pide ver como se pode reestruturar. Con respecto ao técnico de ID, pide que o que veña sexa de calidade. Tamén di que hai poucos alumnos e que a Xunta lles pide que se teñen que coordinar coa Escola de Lugo. Neste sentido, o profesor Picos, director da Escola de Forestais, ten unha reunión co vicerreitor para informar da duplicidade e o correspondente solape. Exponse a posibilidade de contactar co profesorado de Lugo e ver cómo se pode colaborar (suxírese que o máis probable será facelo en tarefas de investigación). Hai prevista unha reunión co director da Escola Forestal de Lugo para ir achegando posicións.

O vicerreitor indica o seu desexo de que a Escola de Forestais teña máis alumnos (é dicir, aumentar a matrícula) e comenta que desde a vicerreitoría farase unha política de captación de alumnos. Neste sentido, indica a importancia de eventos como Pontenciencia para captar o interese de futuros alumnos.

A profesora Silvia García comenta que hai rumores de que a Xunta de Galicia propondrá un Máster conxunto de escolas non universitarias, ao que o reitor respóndelle que mañá lle preguntará á Conselleira sobre este tema.

E sen máis asuntos que tratar, remata a xuntanza do consello de campus ás 14:30h.